

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 6 / 29 de xuño de 2006

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo e a Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

Número conmemorativo do 75º aniversario da declaración do Convento de San Francisco de Lugo como Monumento Nacional (hoxe denominado Ben de Interese Cultural).

Ilustran a revista fotos pertencentes aos arquivos fotográficos do Museo Provincial de Lugo e de Fernando Arribas Arias.

SUMARIO

Portada musical

Fábula de José y Andrés. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Presentación

Mendicantes franciscanos no Camiño Primitivo de Santiago, por **Ricardo Polín** (10')

Música

Los versos sencillos, nº XXXVII. Letra: José Martí. Música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Poesía

Fragmentos de *Libro da oración e da pobreza*, por **Manuel Xosé Neira** (3')

Música

Ya casi va a nevar. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Memoria

Os franciscanos en Lugo, por **José A. Castiñeira Chouza**, Superior da Comunidade Franciscana de Lugo (10')

Documental

A arte que se pisa. Jesús Amor Vázquez, artífice do pavimento do claustro de San Francisco. Coproducción da **Fundación TIC** e o **Museo Provincial de Lugo** (10')

Música

Vuelve al canto y al sol. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Conversa

Aqueles anos vividos no convento de San Francisco, con **Remedios López Pillado** (10')

Música

Cantiga de outono. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Gaiola de Grilos

Proxecto audiovisual, por **Marta Prieto** (10')
Coa colaboración de **Gil Prieto**

Poesía

Fragmentos de *Como aves que baixan a beber*, por **Manuel Xosé Neira** (3')

Música

Molinos. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago** (3')

Contraportada musical

Búscame adentro. Letra e música: Norge Batista.
Intérprete: **Norge Batista** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Amor Vázquez, Jesús

Traballou como canteiro e albanel no sector da construción toda a súa vida laboral, a maior parte do tempo na empresa *Contrucciones Varela Villamor S. A.* Da súa habilidade profesional, como deseñador e executor, unha das mellores mostras constitúea o chan do claustro do convento de San Francisco, hoxe sé do Museo Provincial de Lugo.

Batista Albuerne, Norge

Naceu en Las Tunas, Cuba, o 30 de outubro de 1969. Desde os 13 anos está vinculado ao mundo da música, especificamente á canción de autor dentro da Nueva Trova Cubana. É membro da Unión Nacional de Escritores y Artistas de Cuba U.N.E.A.C. Ten dous discos editados polo selo AYVA MÚSICA de Barcelona: *Búscame adentro* (1997) e *Algo crece* (2001). Dúas cancións súas están recollidas no IV volume da *Antología de La Nueva Trova Cubana* gravado no ano 1997 nos *Estudios Ojalá* de Silvio Rodríguez en La Habana, Cuba. Para máis información sobre a súa obra recomendamos visitar a web <http://www.trovacub.net/norge/>.

Castiñeira Chouza, José A.

Naceu na Coruña en 1955. Pertence á Orde de Frades Menores (Franciscanos). Estudou en Santiago de Compostela. Licenciado en Estudos Eclesiásticos. Ordenado sacerdote en 1984. Exerceu a docencia no Seminario Franciscano de Herbón e no Colexio PP. Franciscanos de Lugo. Na actualidade é o Superior da Comunidade Franciscana de Lugo e presidente da Confederación de Relixiosos de Lugo.

Gómez Polín, Ricardo

Doutor en Filoloxía. Especialista en literatura baixomedieval dos séculos XIV e XV. Autor de numerosos estudos de historia da literatura, crítica textual e edición de textos antigos. Entre os galardóns recibidos figuran o Premio extraordinario de doutorado, o Premio da Crítica de Galicia, o Premio Ánxel Fole ou o Premio do Ministerio de Cultura á edición. As súas investigacións foron pioneiras no coñecemento da primeira vía medieval das peregrinacións a Compostela por Lugo, labor que está a ser recollido na súa *Guía histórica e cartográfica do Camiño Primitivo de Santiago*, da que veñen de ser publicados os tres primeiros volumes (Vigo, Ed. A Nosa Terra, 2006). O achegamento ao pensamento franciscano débese á súa análise da obra de significados escritores galegos vinculados ao seminario mindoniense.

López Pillado, Remedios

Funcionaria xubilada. Naceu en Mondoñedo e pasou boa parte da súa crianza no hospicio ubicado no Convento de San Francisco, lugar onde logo, uns cantos anos adiante, traballou como vixiante do Museo Provincial. Daqueles anos garda na memoria vivencias que hoxe comparte connosco.

Neira López, Manuel Xosé

Naceu en Meilán (Lugo) en 1964. Poeta que se deu a coñecer co libro *O mar perdido* (1990), unha breve escolma da súa poesía inicial. Seguíu con *Abandono da noite* (1993), XII Premio Esquíu de Poesía. E a continuación no 2001 publicou *Templo*. A súa poesía, en certa maneira, rupturista e meditativa caracterízase polo que nos libros que anda a traballar, tanto *O libro da oración e da pobreza* ou *Como aves que baixan a beber*, recolle a tradición do hilozoismo amadocarballista ás máis abertas rupturas ou ffrgoas, ou condicións da modernidade que parte da Galiza Ilustrada dos pazos. Do que é boa amosa esta revista oral tamén denominada *O pazo das musas*. Na súa poesía última traballa desde o que supuxo a vangarda galega (non exactamente Cunqueiro), ou sexa Amado Carballo, ata as últimas conclusións tan difíciles de precisar das tendencias da modernidade.

Prieto, Gil

Funcionario xubilado. Criouse no actual edificio do Museo Provincial de Lugo e traballou na Deputación Provincial. Da época da nenez e adolescencia entre os muros do antigo convento de San Francisco lembra infinitas anécdotas, entre elas o cantar dos grilos, o que deu orixe a unha proposta artística denominada “Gaiola de grilos”, da que é autora a súa filla Marta Prieto.

Prieto, Marta

Natural de Lugo, onde reside actualmente. Cursa estudos de deseño gráfico na Escola de Artes e Oficios “Ramón Falcón” en Lugo tras dunha estancia de catro anos en Barcelona onde entra en contacto coa cultura artística de principios dos noventa. A súa primeira exposición data de 1995. Despois desenvolve unha continuada carreira artística expondo en toda Galicia e en España. Paralelamente funda o *Taller Artístico Marta Prieto* para nenos no que pretende achegalos á arte contemporánea. Mostras deste traballo puidéronse ver baixo o título *Arte Menudo* na Sala Almirante de Lugo. A súa obra artística, sempre desde un enfoque pictórico, desenvolve linguaxes tan diversas como a instalación, a fotografía e o vídeo, campo no que se centran os sus traballos na actualidade. O seu interese polo espazo levouna a fundar no ano 2003 o estudo “unomasuno” de arquitectura, interiorismo e deseño.